



Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que as decisións sobre escolarización de alumnos de partos múltiples sexan adoptadas en atención a cada caso particular e de acordo cos proxenitores, sen establecer criterios de carácter xeral nas NOF dos centros.

Expediente: D.3.Q/21576/17

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2018

Sr. conselleiro:

A través dos escritos de 17 de xullo, 7 de setembro, 11 de outubro, 24 de novembro de 2017 (con recordatorio de deberes legais e advertencia) e 11 de xaneiro de 2018, requirimos informe desa consellería en relación coa queixa presentada por dona [REDACTED] e don [REDACTED]

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, os promotores do expediente manifestaban o seu desacordo coa forma de escolarización dos fillos de partos múltiples que, desde o seu punto de vista, está a desenvolverse dun xeito discriminatorio, ao presentar unha circunstancia común como excepcional e ao tratar esa excepcionalidade como un motivo de diferenciación innecesario. (...)

Segundo o escrito de queixa, os centros públicos galegos (...) nunha porcentaxe que se descoñece, porque non hai traballos feitos sobre este tema, manteñen maioritariamente unha de dúas posturas: ou separan aos múltiples, ou os xuntan.

No primeiro caso, os equipos directivos, e os orientadores-as, xustifican a separación en opinións como o fortalecemento das personalidades individuais, razóns de igualdade de trato co resto dos seus compañeiros e compañeiras (que non adoitan ter un irmán na aula), problemáticas condutuais que se derivan do feito de ser un grupo dentro da aula, e un amplo etcétera que sempre ten que ver con ideas preconcebidas e nunca contrastadas. En

moitas ocasións nos centros está establecido que a separación parte do feito mesmo de ser irmáns, e sempre separan a aqueles que teñen tal vínculo, ben porque proveñan dun parto múltiple, ben porque un irmán repetidor se sitúe no mesmo curso que un irmán menor, ou ben porque dous irmáns naceran no mesmo ano; as tres casuísticas posibles son susceptibles de tratamentos moi diferenciados, porque son causadas por razóns especificamente diversas; porén, trátanse dun xeito uniforme, algo que é, normalmente, o maior ataque posible ao desexado tratamento equitativo.

No segundo caso, o da escolarización conxunta, existe unha causa dupla: pode ser unha decisión consciente de cara aos múltiples, e considerar que é bo para eles estar na mesma clase; ou pode ser simplemente a consecuencia dunha ordenación alfabética, na que os irmáns necesariamente sempre estarían xuntos; en calquera caso, a tendencia continúa sendo a uniformidade.

Existen aínda un terceiro e ata un cuarto caso, o terceiro sería aquel no que as características físicas do centro escolar non permitan a separación, por ser un centro dunha única liña, nese caso estarían sempre xuntos, independentemente de que fose positivo ou negativo para eles-as.

E o cuarto caso serían aqueles centros, moi minoritarios pero existentes, no que se fai un estudo específico de cada caso, e se toma a decisión que, en conxunto, se cre que poida beneficiar máis aos nenos-as, segundo as súas peculiaridades concretas: a igualdade conseguida mediante a consideración xeneralizada das individualidades.

Achegaban ao seu escrito de queixa unha ampla documentación que incluía informes de especialistas e unha sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Badajoz, de 11 de xaneiro de 2017 que revocaba a resolución da administración educativa extremeña pola que se desestimaba a solicitude de escolarización nun mesmo grupo ou clase de dous irmáns mellizos.

Ante iso requirimos informe a esa Consellería que, incorrendo nun retraso que en ningún momento foi xustificable pola administración, remitiu o seu informe case sete meses despois de que lle fora requirido.

Coa información aportada, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pon de manifesto o seguinte:

- A autonomía dos centros educativos recollida no Capítulo II do Título V da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) permítelles elaborar, aprobar e executar os seus

proxectos educativos e de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro. Os centros réxense polas súas normas de organización e funcionamento, que se elaboran en virtude de criterios baseados na súa propia experiencia e nas directrices dos profesionais que están en contacto coa realidade do centro, así como o seu proxecto educativo.

-A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera que o feito de que os proxenitores de alumnos nados de partos múltiples soliciten a súa escolarización na mesma aula ou grupo equivale a dudar da cualificación profesional do persoal docente que ocupa as direccións e dos equipos de orientación dos centros para elaborar estas directrices polo mero feito de diferir do seu criterio persoal. Esta discrepancia é cualificada como arbitraria e sensacionalista.

- Os centros públicos galegos, de xeito maioritario, manteñen xunto ao alumnado de partos múltiples: o 62,07% do alumnado, fronte ao 37,93%, que están escolarizados de xeito separado. Esta división ven motivada por factores moi diversos que se analizan de xeito individualizado en cada centro, segundo a liña pedagóxica seguida e segundo a experiencia previa, tanto dos centros como do alumnado. Nos centros escóitase a opinión dos pais e das nais do alumnado, pero isto non quere dicir que non sexa válida a decisión do centro, desde o punto de vista pedagóxico, cando non coincida coa dos proxenitores.

- O 36,21% do alumnado de parto múltiple galego está escolarizado en función da opinión manifestada polos seus proxenitores, nalgúns casos na liña das Normas de Organización e Funcionamento e noutras en contra delas. Se temos en conta que o 30,24% do alumnado múltiple está xunto porque está en centros de liña única, obsérvase que é moi significativa a participación dos pais e das nais na escolarización dos seus fillos e fillas. De feito, no 18,31% do alumnado de parto múltiple que, para o curso 2017/2018, aparece escolarizado separado debido ás NOF ou aos criterios pedagóxicos, os centros informaron adecuadamente ás familias e valoraron a súa opinión.

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada polas persoas que promoveron este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

-A autonomía dos centros educativos, tanto no ámbito pedagóxico, como de xestión e organizativo, é a que permite, precisamente, adoptar nestes casos solucións individualizadas e flexibles, guiadas exclusivamente polo interese particular dos menores escolarizados. Non

existen criterios indiscutibles, desde o punto de vista da súa fundamentación teórica, que avalen unha única solución (escolarizar aos irmáns xemelgos ou mellizos, ou doutro tipo de partos múltiples sempre xuntos ou sempre separados).

-Precisamente porque non se pode determinar de antemán as vantaxes ou inconvenientes de xuntar ou separar a esta clase de alumnos, non se considera adecuado que esta cuestión se inclúa nas NOF dos centros, que teñen carácter obrigatorio para a comunidade educativa. De feito, non se atopa nesta cuestión ningunha fundamentación teórica que poida ser invocada como base de criterios pedagóxicos aplicables con carácter xeral para todo o alumnado. Neste sentido, é significativa a consideración da sentenza aportada ao expediente cando establece que *“Aun admitiendo la corrección a derecho del acto impugnado, el mismo parte de una pretendida autonomía organizativa del centro escolar que, en este supuesto concreto, mal compagina su aplicación con la existencia de unos perjuicios a los menores que fácilmente serían corregibles, en atención a sus circunstancias particulares, sin perjuicio alguno ni para el desarrollo del resto de menores ni tampoco para el funcionamiento del centro. No podemos, pues, estimar que la mera conformidad a derecho del acto recurrido sirva de base para mantener una situación contraria al beneficio del menor, fin que debería ser escrupulosamente perseguido por la Administración sin estáticas barreras, ancladas en aspectos puramente organizativos, que lo impidan o dificulten.”*

Desta consideración da resolución xudicial pode inferirse que un criterio establecido con carácter previo e que non teña en conta as circunstancias particulares dos menores pode causarlles prexuízos e ser contrario ao seu interese.

-Na determinación deste beneficio e do interese dos menores como o máis necesitado de protección, non pode considerarse válida a decisión do centro cando non coincida coa dos proxenitores. Son os pais os principais responsables da educación dos seus fillos. En supostos como o que nos ocupa, e nomeadamente nas etapas temperás da escolarización, a opinión dos pais debe prevalecer sobre criterios apriorísticos do centro. Só no caso de que o centro poida acreditar que a medida de separación ou agrupamento para eses alumnos concretos é a máis beneficiosa desde o punto de vista pedagóxico, podería adoptarse esa decisión. Non parece xustificado que o centro poida establecer unha medida fundada en criterios pedagóxicos xenéricos e deban ser os pais os que acheguen informes psicopedagóxicos en sentido contrario.

-Por este motivo, esta institución comparte integramente a conclusión reflectida pola perito xudicial no seu informe: “La decisión acerca de la separación del aula de los gemelares, debería consensuarse con los padres, que conocen a sus hijos y son los principales responsables en la educación de los mismos. La decisión consensuada entre padres, docentes

y servicios de orientación de los centros, garantizaría que la decisión tomada fuese la más apropiada para el mejor desarrollo educativo, emocional y social de los mismos. Este consenso flexible y abierto, supondría evitar decisiones estáticas, fijadas a priori sin tener en cuenta las singularidades de los gemelos. El hecho de que pudieran existir circunstancias particulares en las familias y en los gemelares, requiere de los centros educativos ser flexibles, basándose en la autonomía pedagógica que la Administración educativa otorga a los mismos. Por tanto, la decisión de separar o agrupar en el mismo aula a los gemelares, debería ser analizada en cada caso particular para tomar la mejor decisión de cara a un adecuado desarrollo psicopedagógico y social de los niños y el bienestar de las familias”.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería a seguinte **recomendación**:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adopte as medidas necesarias para trasladar a todos os centros docentes que as decisións relativas á separación ou agrupamento na mesma aula dos alumnos nados de partos múltiples non poden establecerse a priori nas Normas de Organización e Funcionamento dos centros porque un criterio de carácter xeral pode ser incompatible co beneficio particular dos menores afectados.

Este tipo de decisións deben ser adoptadas en atención a cada caso particular, consensuando a medida entre pais, docentes e servizos de orientación dos centros, solución que é a que mellor se acomoda á súa autonomía pedagóxica e organizativa, aos principios que informan a atención á diversidade e aos compromisos educativos coas familias.

Non se aprecia que as solucións de escolarización que respondan ao beneficio destes alumnos en atención ás súas circunstancias particulares, supoñan prexuízo algún para o desenvolvemento do resto de menores nin tampouco para o funcionamento do centro.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se non obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo